



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

A **III Edición de Galicia Open Future**, o centro de emprendemento posto en marcha por **Telefónica** en colaboración coa **Xunta de Galicia**, a través da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** e o **Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)**, acadou a súa fase final, coa publicación dos tres proxectos empresariais gañadores, que recibirán unha subvención por parte de **GAIN de 25.000 euros**, e accederán a un préstamo reembolsable concedido por **XesGalicia doutros 25.000 euros**.

Os tres proxectos seleccionados son:

**Coinscrap**: unha aplicación dirixida a **aforrar no investimento en carteiras intelixentes** e en base a uns obxectivos financeiros establecidos previamente. Cun funcionamento sinxelo e intuitivo, a app redondea ao euro máis próximo cada unha das compras que o usuario realiza cun cartón de crédito ou débito, transferindo a diferenza a unha conta corrente ou investíndoa nun seguro de aforro. Desenvolvida por David Conde (Pontevedra), Óscar Barba (Ourense), Diego González (Ourense) e Juan Carlos López (Vigo), a versión de aforro desta app estará operativa a finais deste ano e a de investimento chegará ao mercado en 2017.

**Fleap**: un dispositivo que se coloca no pé e permite **monitorizar a forma de correr en todo tipo de deportes**, creado polos enxeñeiros Alexandre Tornero (Vigo) e Adrián Portabales (A Coruña). A solución ofrece métricas avanzadas sobre impactos, aceleracións, cambios de dirección ou ángulos, ademais de información sobre a distancia percorrida, o ritmo ou a cadencia. Fleap é unha app multiplataforma polo que os datos que fornece pódense visualizar en tempo real a través do móbil ou smartwatch ou acceder a eles, máis tarde, desde calquera outro dispositivo.

**Qubitech:** spin-off dun grupo de investigadores do Servizo de Medicina Nuclear e Imaxe Molecular do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), apoiado pola Fundación Ramón Domínguez, que desenvolveu **IQ-Brain**, un **software de axuda ao diagnóstico médico** enfocado á detección temperá de enfermidades neurodexenerativas como a demencia, o alzheimer ou o parkinson. Esta solución, con xa máis de 400 pacientes analizados, complementa a análise visual de imaxes e contribúe á realización de diagnósticos máis exactos mediante un algoritmo que ofrece ao médico unha fusión integrada do mapa morfolóxico e funcional do paciente.

Os tres proxectos foron seleccionados pola súa achega aos sectores estratéxicos de Galicia, a innovación, o potencial de mercado, o grao de maduración e a viabilidade, a motivación e o uso de tecnoloxía diferencial. GAIN participou ao longo das tres edicións do programa Galicia Open Future, que recibiu máis de **400 solicitudes** de participación e do que se beneficiaron un total de **132 iniciativas emprendedoras de base tecnolóxica**, dentro do marco de actuacións da Axencia encamiñadas a captar o talento e favorecer o desenvolvemento e consolidación de iniciativas empresariais innovadoras en Galicia.

Ademais, o vindeiro luns, **28 de novembro**, ás 16:30 h, no Crowdfunding do **Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura**, celebrarase un **Demo Day** con proxectos desta última convocatoria. Podedes obter máis información do evento neste [enlace](#) ou no enderezo electrónico [galicia@openfuture.org](mailto:galicia@openfuture.org).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).